

PRIMEIRO TERZO DO SÉC. XX: XERACIÓN NÓS.**Risco: *O porco de pé.***

Na postguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita.

Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvil. Aínda podían ter máis.

Vouvos referi-la vida de D. Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero Garcia, aquel que lles berraba ós seus mancebos: "¡¡¡Cando na miña casa entra unha peseta, para que volva a saír, cómpre facer un expediente!!!"

Deste xeito veréde-lo que vai de tempos a tempos.

De camiño tamén vos hei contar algo do seu antitético antagonista o Dr. Alveiros, o libertador da momia de Tutankamen, pois se non pode concebe-la unha sen a outra (...).

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mixturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau.

/.../

Cando chegou D. Celidonio, o seu principal non levaba garabata.

Daquela, D. Celidonio era un rapaz moi novo, gordo e case bonito. Se non cheirase a queixo fresco e a aceite, e aínda por tempos a gas, aínda, aínda... A filla de Baldomero estaba afeitada ó cheiro.

Era máis vella ca D. Celidonio, máis ancha ca alta e non tiña pescozo. Non era tan enrabecheda nin tan rabela coma a nai. Cortaba tan ben o xabrón, cun aramio delgadiño, que máis ben daba de menos ca de máis. /.../

Un día Dona Emerenciana enrabechouse de tal forma porque lle faltaron tres

cadelas, que se puxo negra coma un condenado, e morreu de xenio, botando

lume polos ollos. /.../

E D. Celidonio, que se lle fora o medo cervical que lle puña Dona Emerenciana, casou coa filla e o pai interesouno no negocio.

Eu non quero de ningunha maneira imaxina-lo que sería a noite de bodas, anque dende logo había ser cousa digna de ser referida. Debeu ser un idilio, o de D. Celidonio con aquela rebola, enzoufado, farturento e espeso, que se podería cortar con coitelo coma o touciño, e pesar pola libra galega.

Eu quixera cantar estes amores crasos e lardeiros, aquela mistura farta de dúas almas que se derrete unha na outra como se derrete na tixola a graxa dos roxóns.

Plácidos amores amansados, de tépeda quentura, que abala a alma durmiñenta, que se sente por eles lubricada, e sente un pracer dondo e lene, coma cando lle untan a un o nariz con sebo para curar un constipado, ou a barriga cunha untura de aceite de ruda, para sandar unha dor de ventre, cunhas fregas suaves, a gusto e a modiño...

Así como Dona Emerenciana morreu do mal xenio, Baldomero García do Comercio desta praza, morreu tamén como vivira: morreu restrinado*.

Toda a vida fora un raña, que non pensou máis ca en apretar e apretar e apretar: apreta-la bolsa, apreta-la gorxa, apreta-la barriga, a final, apretóulle a tripa e xa non andou máis. Morreu aforrando.

Risco: *Lería*.

Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fora o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do Norte para o Sul, do Este para o Oeste noutro tanto; poderala andar outra vez e máis: non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e dende logo, moito máis grande de como ti a ves. [...] Do grandor do teu espírito depende todo, canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo, nela estará o mundo con tódolos seus climas. Se o teu pensar se detén na códea das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena; es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.

Castelao: *Cousas*.



O fillo de Rosendo andaba aboiado polas rúas amostrando a súa faciana albeira de mozo malmantido. As letras que dependera non eran dabando para vivir do traballo da testa e o señoría conquerido non lle deixaba vivir do traballo das mans. Botara tres anos de bachillerato e xan non podía traballar... E a forza de “pitillos” regalados foi matando a cobiza de outras regalías da mocidade.

O fillo de Rosendo xungueose a unha muller, vella, gorda e rica, porque diante de si non aviscaba máis que o pan da esclavitude. ¡Gran desgracia! Porque hai algo peor que traballar para non morrer de fame i é casarse para poder comer tódolos días.

O fillo de Rosendo foi ó casoiro como vai un meniño a unha cesta de melindres, sen decatarse da súa desgracia, porque aínda non se fixera cargo de que a ledicia de comer con fame ten o seu remate na fartura e o casoiro non o ten máis que na morte.

O fillo de Rosendo fíxose dono de algúns pesos nas vísperas do casamento e cando se casou levaba oito décimos de lotería nos petos do seu traxe novo.

E cando o fillo de Rosendo xa estaba encarado coa súa desgracia, chegou a lotería e púxolle nas mans unha chea de miles de pesos, que non eran da súa muller, que eran seus mesmamente, porque de certo que xa os levaba consigo cando foi á eirexa...

A sorte chegou tarde e agora o fillo de Rosendo anda sempre aparellado coa súa muller, que é o seu drama.

Otero Pedrayo: “O fidalgo”.

Unha mañá houbo grande escándalo na rúa silenciosa, parsimoniosa, como poboada de avaros e de costumes ríxidos. Era unha mañá da primavera. Polo ar tépedo, riba dos tellados, únicos que disfrutaban da ledicia do sol endexamais coñecido do zapateiro do soportal nin das laxes do chan, trazaban circos atolados de chíos as roldas dos avións. Unha gran figura de home rexo e vello apareceu na galería dun pisiño derradeiro, unha disforme escopeta apuntou ó ceo, e ipum, pum!, os tiros fortes, sonoros, bravos coma no monte, fixeron tremar os pobres vidros lixados dos pisos, o atacado de parálise no seu sillote, as señoras de clases pasivas, os funcionarios diante o chocolate, a vella e a súa calceta, a nena lectora de novelas, os gatos aburguesados e as criadas xubiladas que van á novena e viven dun legado dos amos mortos hai moito tempo. Medo, estrañeza, rebumbio, fantasías. Total, un xuízo de faltas e unha grande escamación na vecindade cando o fidalgo se apeitaba ó sol na súa alta galería.

Imos lembrar en cadriños pequeneiros, feitos segundo as informacións dignas de confianza, a historia daquel señor. Ela xustificará dentro da súa lóxica, para el a única, co seu finar tráxico cumprido, co finar do século XIX. Sen xuízo nin crítica, sen interpretación nin eséxese. Vaian por diante dúas notas psicolóxicas: só unha vez soubo o que fora unha doenza; endexamais fixo un razoamento. E ninguén dubida que foi un gran señor.

1835. Escena: grande bodega no Ribeiro. Pipas centenarias xa cando o da francesada. Frades cobrando as rendas. O grande sol outonizo vén a render preitesía na porta ó viño poderoso, novo, pechado nas panzas disformes. Un fidalgo de brancas barbas e ollos ledos ten no colo un neno xa medrado. Cachicáns, xornaleiros, un capelán da casa, fan circo respectuoso arredor. O fidalgo foi colexial en Fonseca, tivo grandes dúbidas, demorouse moito nos clásicos, turráballe moito a caste. E por todo isto non se quixo ordenar. “Domine, non sum dignus”. Morgado, gardou unha metódica claustral no pazo de inverno, no pazo de verán, no pazo do outono, no pazo da primavera. Xuntaba sete lugares, presentaba sete curatos. Pazo na rúa Nova. Irmás en Santa Clara. Capitán das xentes dun val na Independencia. Soá ergueita “por caste e por estudos”, non foi cortesán con Fernando; nin polo amor ó escano das súas sete cociñas e o pasear maino polas salas resoantes non foi coronel na guerra dos Andes. Casado tardeiro, cando xa os parentes afixaban a dentamía para a farta herdanza, mimaba o filliño cun amor de vello. Con el nos brazos só tiña un medo: a doenza ou a revolución. Para as doenzas tiña os rescritos dos frades de San Francisco; para a Revolución armaría unha tropa de fieis montañeses. Os do Bocelo, os de Friol. Non encetados, como o cerne dos carballos. Agora asiste á trasfega do viño. Da maior pipa xorde unha roxa fonte recendente: mans lixeiras levan as olas, e as olas van caendo na boca sen dentes doutras cubaxes. Enche a bodega, e o serán, o rumor de dous ríos en camiños.

O neno, por raro caso, está quieto. O pai disfruta con esta atención do rapaz. Olla o neno con pracer o correr da poderosa billa. Un xogo. Un decorrer que aquece a inqueda infantil. Logo o cano vai amolecendo, xa non fai aquel forte arco cor de lume, xa se creba, e devece. De seguida para. Entón o neno estrala en choros. El quere ollar sempre aquela cousa fermosa que foxe. Se fora grande, collería coas mans coma a unha serpe esvaradía. O pai treme, inquire, logo decátase e manda autoritario:

-Abride tódalas billas.

Os homes, asombrados, temendo o castigo divino, dubidan obedecer: non hai outras pipas dispostas. O señor manda anoxado. Todos coñecen o imperio da voz terrible do amo. Coas mans trementes, facendo ás escondedelas o sinal da cruz -eles non son responsables-, abren as pipas. A grande palabra do fidalgo ecoa na bodega:

-Que meu fillo, meu herdeiro, a flor da miña caste, disfrute.

E corren as pipas: as do branco, as do tinto, as da Encosta, as do Bacelar, as da Teixugueira, como corrían as fontes de Versailles no Grande Século. Un ruxir de dioivo na bodega, unha colleita antiga polo chan de sábreo facendo un lago de naumaquia ofrecida á crueldade inconsciente dun Nerón neniño. O viño figura sangue bañado no asombro do sol, emborracha o ambiente da bodega; os homes, o capelán, refucen os pantalóns, tinxelles o viño as pernas. Pernas de perdiz. O neno ri, berra, bate as mans de gozo. Canso, dorme nos brazos do pai cando o enorme suspirar da cubaxe baleira enche a bodega do sentimento dunha fatalidade. Os homes, coa noite e co remordemento, van para a cociña, camiñan para os lugares dicindo:

-¡Que gran cabaleiro é don Fulano!

A exclamación na voz do pobo e na envexa do señorío vai dicindo moitas leguas á redonda:

-¡Que gran cabaleiro, que gran cabaleiro...!

1845

(...)

1865.

(...)

Dona Rosina vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran debullados, enteiriños, por don Xohán. Mais el sempre se reserva as moblaxes: e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos a desbarate, chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza coma marmelos outonizos. No pazo de beiramar converxen tódolos ríos da ascendencia de don Xohán, e don Xohán, no medio das moblaxes preciosas, coida ser dono de tódolos pazos herdados.

Nos derradeiros do ano, a carón da cheminea, dona Rosina dá peito ó primeiro filliño. Xa os criados e as doncelas están no leito. ¿A quen se semella o rapaz? ¿A aquel xeneral da sala? ¿Ó mociño lindo que leva un uniforme de dragón da Independencia e afirma as manciñas de doncela sobre un pesado sabre? Dona Rosina vai percorrendo tódolos retratos da liñaxe para se distraer; fóra, a virazón abanea os piñeirais e vai arrincar o cedro do xardín, que eles trouxeran da súa viaxe de noivos. E don Xohán non chega. Sempre está de caza. Ninguén coma el coñece os montes da Galiza. Conta historias arrepiantes de lobos, de porcos bravos, historias ledas de perlices polas costas esvaradías de penica. O crego vello de Fontefera, en terras de Lugo, gábase de ter morto cincuenta lobos. Don Xohán, en poucos invernos, sufrindo

as inclemencias nivosas, gañoulle o partido matando sesenta e sete. Testas de lobo para o seu brasón, coma os de Moscoso.

Morre o lume e entra silandeiro don Xohán. Vén pálido, mais determinado. ¿Que lle pasará? Sen bicar ó fillo, don Xohán pon á altura dos ollos da dona asombrada unha cousa que trae agarimada no pasamontañas: un neniño, lindo, rosado, branco como un anxiño, empanado en pobres roupiñas lixadas. Don Xohán di sen vacilación:

-Rosina, é meu fillo. A nai morreu. Entrégocho para que fagas del o que queiras.

Os dous nenos figuran sorrir un ó outro. Diante a espaventada faciana da señora, don Xohán franquea a fiestra á noite negra:

-Aí te-lo patio. Están os cans famentos. Se tes corazón, guíndao embaixo.

A señora, sen unha fala, axiña coma cómpre, ispe o outro peito e os dous nenos beben, tranquilos, ditosos, do mesmo leite.

Ó día seguinte, don Xohán, con cabalgada de criados, vai á feira de Pontevedra. Ó voltar pola noitiña, vai chamando nas portas dos lugares e deixando nos regazos das doces labreguiñas de ollar rendido, das bravas pescas de falas mimosas, ducias de panos sedáns, dengues de terciopelos corais e pratas barrocas para os fermosos colos e para as lindas orelliñas, duros ás mancheas para liberar as terras hipotecadas polos patróns, para pagar as menciñas das avoas tolleitas nos leitos.

Continúa.

Rafael Dieste: “O neno suicida”, en *Dos arquivos do trasno*.

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inqueda -un neno suicidárase pegándose un tiro na sen dereita- falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi pobremente nun curruncha da tasca mariñeira, e dixo:

-Eu sei a historia dese neno.

Pronunciou a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto inquiridor e atento.

-Eu sei a historia dese neno -repetiu o vagamundo-. E, tras dunha solerte e ben medida pausa, encomezou:

-Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo viu saír do camposanto florido e recendente da súa aldea a un vello moi vello en coiro. Aquel vello era un acabado de nacer. Antes de saír do ventre da terra nai escollera el mesmo ese xeito de nacemento. ¡Canto mellor ir de vello para mozo que de mozo para vello!, pensou sendo espírito puro. A Noso Señor chocoulle a idea. ¿Por que non face-la proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esqueleto. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home. E a carne do home aformigou a caloríña do sangue. E como todo estaba listo, a terra-nai pariu. Pariu un vello en coiro.

De como despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono a diante do xuíz coma se tivesen sido testemuñas: Aquí lle traemos a este pobre vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns entrañados. Nin roupa lle deixaron.

O xuíz deu ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, dicíalle as monxiñas: Vai feito un bo mozo. Ata parece que perdeu anos.

Daquela xa aprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron fora milagre da Virxe.

Cando adquiriu experiencia de abondo pensou que o mellor era manter secreta aquela estraña condición que o facía mías mozo cantos máis anos corresen. Así, non o sabendo ninguén -non sendo un ou dous amigos fieis- podería vivir mellor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico para folgar de mozo. Dos cincuenta ós quince anos a súa vida foi a máis feliz que se pode imaxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enleado con moitas e coas máis bonitas. E ata disque unha princesa... Pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno encomezou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a sorpresa con que o vían entrar tan ceibe nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de viseira calada teno seguido ó longo de moitas rúas tortas. E algunha vez ten comido as súas lambetadas a tremar de

anguria, coas bágoas nos ollos e o almibre nos beizos. A derradeira vez que o topei -tiña el oito anos- andaba moi triste. ¡Pesaban, ademais, tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellice!

Logo comezou a lle escaravellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasasen algúns anos recolleríano en calquera calexa extraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cunha soalla de axóuxeres na maniña tenra. E ó remate... ¡Ou! O remate poñía espanto. Cumpri-lo seu sino de home que vive ó revés e refuxiarse no seo da señora rica -poida que cando ela durmise- para ir alí devecendo ata se trocar primeiro nunha sambesuga e despois en arumia e logo en pequenísima semente...

O vagamundo ergueuse moi pensabundo, coas mans nos petos, e deu algúns paseños todo amargado. Ó cabo dixo:

-Explícome, si, explícome que se chimpase un tiro na sen o pobre rapaz.

Os catro bebedores de augardente crían. Os cinco de albariño sorrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos desortían máis afervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpeto nas puntas dos pés e púxose a mirar todo arredor cos ollos moi abertos. O vagamundo desaparecera sen pagar.

PROSA DE BLANCO AMOR, NEIRA VILAS E CUNQUEIRO.

Blanco Amor: *A esmorga* (1959).

Cando eu era aínda moi rapaz, seguíase a falar do caso entre as boas xentes de Auria, cibdá onde nascín e onde as cousas ocorriran. O caso contábase de moitos xeitos pro todos viñan a casar no final, que decote era o mesmo.

Depois, cando ía pra mozo e dei nesta teima de escribir, falei coas xentes de aquel tempo, pergunteille a uns e a outros, furguei nos papeis e lin os vellos boletis locais que atopei, amoreados i en desorde, un pouco comestos dos ratos, no faiado do Casino de Caballeros. Iste era o centro de xuntanza dos «forzas vivas» e dos comerciantes maragatos que, por seren todos íles afervoados xogadores de mus e de tresillo, falláballes a paixón polas crónicas locais capaces de trocárense en historia ou en literatura; i estaban, polo mesmo, privados de toda propensión a calisquer ordeamento colecionista que fose máis aló das súas contabilidades i espedientes.

Un meu tío, que fora «ministro» do Xuzgado no seu tempo chamábaselle co iste magoante nome ós aguaciles- endexamais quixo, ó menos, dun xeito espontáneo, falarme do caso, aínda que era, sen dúbida, o que máis sabía dil entre os sobreviventes. Pro mentres fun rapaz non quixo decirme ren, e depois fun vendo que lle sobraba razón. Somentes cando me viu mozancón asinado, que andaba en tratos con libros grosos a pesar de que os meus pais tiñan mentes de me encamiñar ó honrado gremio dos ebanistas e a me cofear cos señorios estudantes, foime decindo, da pouco, coma quen se desfai dun capital, o que tiña visto e ouvido desta historia dos tres sonados esmorgantes, tristeirísima de seu, aínda que, ás vegadas, se contase nas tascas con rexoubeo.

Niste tempo, meu tío era xa home vedraño e marráballe memoria, ademais tateaba de vellez, logo de tere sido tanto anos insine paliqueiro, requerido i escoitado en roldas tabernas. Pra arrequentarlle a carraxe e aledarlle as forzas, foron infindas as xerras de viño que tiven que lle pagar, e algún que outro resolio nas seráns de friaxe, e levalo moitas tardes á ira do sol pol tascas, arrecendentes o bon rreteira da Gran, culas pio do país, minoraban as melanconias dos xubilados. Asumia en todos estes sagrifizos porque tencionaba facerme coa parte viva dos sucesos que os papeis procesaes, coa súa prosa adurmiñada e as súas consabidas terxiversaciós, non me daban dabondo ou que as pantesiás, xa tradicionaes, nos relatos do pobo, me daban en demasia.

Tamén tiven que me valer do Tijeradeoro, que era un xastre, fillo doutro xastre, compañeiro de agulla do Milhomes, a quen o lector conecerá de contado e colleralle-supoiño eu, que neso hai difrenza de gustos xenreira pra toda a vida. Polo visto o pai diste segundo xastre, xa de vello, non facía máis que falar do asunto. Contábao dunhas vinte ou trinta maneiras, asegún o humor que o acometese no seu desenrolo; pro decote cun entusiasmo tan persoal e afervoado coma si en troques de tere sido contemporao, sinxelo contemporao coma tantos outros que facía xa meio século -pois no meu pobo a xente vive con teima inacabábel assistiran ós sucesos, tivese sido un dos principaes protagonistas. Por todo esto, tales testemuñas de segunda mau

ainda que mellor sería decire de segunda agulla, tivenas por dabondo sospeitosas, por sobexamente imaxinativas e miudallentas, como decote pasa coas testemuñas dos xastres que se doen da minuciosidade ornamental e do preciosismo sedentario propios do seu oficio.

Conque pillando deiqui e daló e cavilando pola miña conta, ó traverso dos caracteres entreollados, púxenme agora a escribir esta crónica, a coasi corenta anos de tere recollida tan lene documentación e a noventa dos sucesos mesmos. De este xeito, será doado que se resinta dalgunhas chatas no tocantes á verdade ouxetiva, coma decote pasa coas fórmulas realistas ás que este escrito se axusta conscentemente, ademetindo, por adiantado, o seu autor, os normaes aldraxes e vilipendios que de tal decraración poidan seguirse.

Seguen a continuación 5 capítulos, nos cales alguén (probablemente un xuíz) pregunta a Cibrán, que é o único que queda vivo despois da esmorga, o que sucedeu.

Remata a novela coas últimas palabras de Cibrán, para logo pasar ao narrador-autor, que dá conta do final.

-Non, señor, eu non berro nen teño por qué berrar, anque me amolou moito o que vostede aventurou da navalla... Amais diso, está todo dito, está todo dito e non hai que amuar á xente preguntándolle máis do que dixó e do que sabe... ¡E teño dito e acabouse...! ¡Porque... cando me vén forte o «pensamento», como arestora, que debe sere da fame e da sede, que vai pra dous días que non paso bocado, ou de tanto andar a remexer nistas cousas...! Porque o que quero é que me deixen en pace, que xa non aturo máis... e que, ¡pola nai que me pariu...!

-Non, señor, non; iso si que non. Pidollo por Deus, polos seus, por quen máis vostede queira... ¡Prégollo eisi, de xoellos...! ¡Non..., que non quero que me leven estes! ¡Que non vou, que me levan ó coartelillo...! ¡Soltádeme, asasinós, fillos de puta...!

Cipriano Canedo ou o Cibrán, ou o Castizo, ou... aínda pudo pillar dun brinco a navalla de enriba da mesa e afundila por embaixo das costelas... Porque hai xentes de tal condición que pra se ceibar do «pensamento» téñeno que matar dentro de si... Anque endexamais quedou craro, entre a xente do pobo, se morreu da navallada ou dos culatazos con que alí mesmo o mallou a parexa da Benemérita.

Meu tío o «ministro», a pesar de ser home de orde e, como resulta fÁCILE deducir do seu cÁrrego, moi adoitado á veracidade xudicial, soía decire, entre dentes, que levaran ó Castizo de alí coa fronte escachada, e que ó día seguinte, ó varrer, atopara embaixo da mesa unhas folerpiñas «eisi coma de brume ou materia, que tamén poderían sere dos miolos que temos dentro da cabeza»,

Ó menos, esas eran as súas verbas...

NEIRA VILAS: *Memorias dun neno labrego* (1961).

Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés. Ýrgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comenza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sin tentos.

Que saben disto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentras boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a choiva unha pantasma bretemosas en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre "cando está de Deus", como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos froguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por iso escribo. E despois durmo coma unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi. Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou para a casa púxose a escribir todo o que lle acontecera. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel devorco todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas; para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto acontéceme na do Landeiro. Iso é o peor que lle pode suceder a un pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se esvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para que sirven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escribir no meu caderno -quen o diría!- é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre. Pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.

Aínda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que contase. Smith estivo na guerra, e eu son apenas "o neno" como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz da aldea. Un ninguén.

ÁLVARO CUNQUEIRO: OS OUTROS FEIRANTES

Unha tardiña de verán, Alberte Merlo deulle ao seu cabalo unha merenda de herba fresca, e despois sentouse no cepo de partir a leña a ler o xornal. O cabalo merendou, e pasou a súa cabeza por derriba do ombreiro dereito do amo, e con voz humana preguntoulle:

-¿Como vai o mundo?

Este foi o comezo das longas conversas que durante varios meses mantiveron Alberte e o seu cabalo. Falaban, según Alberte, de política, das contribucións, de como foran os precios na derradeira feira de Noia, e de vodas e de difuntos. Un día o cabalo díxolle a Alberte que non lle non gustaba que lle chamasen Moro, e que mellor sería que lle buscasse un nome máis decente, aínda que fose francés. Alberte consultou cun mestre de Muros, moi amigo de seu, e este díxolle que lle chamase ao seu Moro simplemente como lle chaman aos cabalos en Francia. Que lle chamase Cheval. Ao cabalo pareceulle ben, aínda que murmuraba que quizais ao nome deberan seguir dous apelidos. Por consello do cabalo, Alberte foille decindo aos veciños que o seu cruzado de percherón e mourisco, xa non se chamaba Moro senón Cheval, e que fixesen o favor de tomar nota do cambio. A todos os efectos, dicía Cheval.

Pasando os meses, Cheval íase amosando moi vivo de xenio, celábase de que Alberte falase coa xente sin estar el diante, de que lle asubiase ao can Tirol, e de que lese o xornal en voz alta á muller, que non sabía ler.

-¡Dabondo fas con durmir con ela! -comentaba Cheval disgustado.

Ía cumprirse un ano dende a primeira conversa de Alberte co seu cabalo, cando un mediodía, regresando os dous amigos do muíño, carregada a besta con dous sacos de fariña e outro de farelo, Cheval parouse na ponte, e díxolle a Alberte con voz grave:

-Vai facer un ano que nos falamos, e se queres que sigamos comentando o mundo, tes que prometerme que de agora en diante só vas falar comigo ¡Despois de todo son o único cabalo da provincia que fala co amo! E non me fío da túa palabra, que máis dunha vez xa che escoitei contar algunha mentira. Tes que facer un documento. ¡Se non o fas, calo para sempre!

A Alberte non lle non parecía nada doado o consultar este asunto cun avogado. O avogado seguro que o tomaba por tolo se entraba no seu despacho explicándolle que falaba co seu cabalo Cheval, e que este quería un escrito no que Alberte declarase que só falaría con el, e que se entendese por señas co resto dos galegos. Foi Alberte a Muros visitar ao seu amigo o mestre. Este díxolle que escribira calquera cousa nun papel de barba, que era seguro que Cheval non sabía ler.

-¿Quen sabe que non sabe ler? -insistía Alberte.

O mestre, en papel selado de tres pesetas, escribiu unha declaración xurada na que Alberte se comprometía a non falar coa xente se non era con permiso do seu cabalo Cheval, denantes

conocido por Moro,.. Firmou e rubricou Alberte Merlo... Cando chegou á casa co documento e llo amosou ao cabalo, este fixo que llo lera por dúas veces.

-¡Moi ben! ¡Agora tes que levalo ao Rexistro!

Alberte quedou coa boca aberta mirando para Cheval.

-¡Ao Rexistro! ¡Coñezo o procedemento! Lémbrete que denantes de ser o teu cabalo fun o cabalo do procurador Abeledo.

Un procurador famoso, do que se dicía que tiña na memoria o Código das Argalladas... Alberte anda agora coa declaración xurada na man, sobe e baixa polos camiños, sénta nese chanto ou arrímase a aquel carballo, pensando sempre no choio, sen saber que facer, se ir ao Rexistro de Noia ou non... E mentres, o cabalo non lle fala e olla para el de esguello.

CARLOS CASARES: "O XUDEU XACOBÉ", EN OS ESCUROS SOÑOS DE CLÍO.

Fala o P. Heitor Joaquim Arrais no seu Relatarlo crítico sobre supersticdes, Coimbra, 1723, da viaxe que realizou a Galicia poucos anos antes da data de aparición do libro citado, para coñecer en persoa a un xudeo pontevedrés chamado Xacobe, sobre o que escoitara, sempre de labios de xente aparentemente responsable e digna de creto, que nacera e vivira nos tempos de Cristo. Era, polo visto, tal a cantidade de datos fidedignos que ofrecía o interesado e tan curiosas as cousas que contaba, que aínda os seus máis escépticos interlocutores acababan por rendirse diante da contundencia duns argumentos que ao parecer facían evidente o que dicía, por máis que a razón se negara a acéptalo de bo grado. Foi entón Arrais de Coimbra a Pontevedra para comprobar a falacia de canto escoitara, pondo especial coidado no segredo e na intención da súa viaxe a fin de evitar que o tal Xacobe se puidera enteirar dalgún xeitu, pois xulgaba moi importante para o éxito do seu propósito que o encontro tivera lugar sen previo aviso e por sorpresa.

Chegou o sabio bieito portugués a Pontevedra nos días amargos do despiadado ataque dos ingleses do brigadeiro Ormond, coa cidade aínda media destripada e a xente acontecida polo feroz comportamento daqueles salvaxes extranxeiros. Preguntando, chegou ao Grande dos Alfaiates, onde vivía o xudeo referido, e alí mesmo deu, sentado nun pequeno banco de madeira á porta da casa, co cobizado home que buscaba. Observouno ben antes de dirixirle a palabra e achou que era o xudeo Xacobe persoa miúda e de poucas carnes, case que amarelo de cor, pequeno, calvo e desdentado. Preguntoulle despois Frei Heitor pola súa gracia e non tivo resposta. Descabalgou entón para achegarse a el e ver de iniciar conversa, pero pese á arte e á paciencia con que procedeu, non conseguiu facerlle abrir a boca para nada. Insistiu un pouco máis, sen traspasar en ningún intre os límites da educación e da prudencia, pero o velliño ergueuse con xesto canso, recolleu o banco onde se sentaba e entrou na casa pechando amante e delicado a porta detrás de si.

En vista da negativa, pensou Arrais na conveniencia de cambiar de táctica e acordou meditar con tempo o camiño a seguir. Buscou, pousada no convento de San Francisco, onde o acolleron con agrado, falou eos frades animadamente do seu país e da nova ciencia, pero sen explicarlles a razón da súa viaxe, fixo as oracións canónicas do día e retirouse logo a descansar. Antes de caer no soño, matinou serenonos pasos que debía dar para conseguir entrevistarse con Xacobe, e despois quedou durmido. Ao día seguinte, unha vez cumpridas as obrigacións do seu estado e sen perda de tempo, saíu á procura do xudeo, ao que volveu atoparse á porta da casa, na mesma actitude tranquila e mansa do día anterior. Foise achegando a el o frade, sen lograr que o mirara, e cando se encontraba a menos de dous metros, ergueuse novamente o vello, colleu o banquiño de madeira e meteuse outra vez dentro. Entón soubo xa o P. Heitor que Xacobe non falaría con el por moito que o intentara, pero aínda así, como para confirmalo ou probar por última vez a sorte, andou ata a porta e petou lixeiramente. Como esperaba, non recibiu resposta algunha. Voltou logo o padre portugués para o convento e decidiu confiarlle o seu propósito e o amargor do seu fracaso a un frade irmán. Respondeulle este que coñecía ben a Xacobe e que podía estar seguro de que non conseguiría arrincarlle unha soa palabra, pois había xa tempo que andaba escarmentado. Oitenta anos atrás, en Hamburgo, sometéranlo a tortura por dicir que el non era outro que

Cartáfilo, agora bautizado Xacobe, aquel porteiro da casa de Pilatos que arrempujara a Cristo camiño da rúa para que saíra pronto ao seu suplicio e que quedara por esto condenado a agardar a volta de El Señor ata o fin do mundo. En Londres fora acantazado polo mesmo. En Roma solicitara ser recibido polo papa dos cristiáns e non gañara senón dúas fortes pancadas no pescozo por parte dun cura grande e lambón que lle chamou impostor e falsario. En París queimáranos en 1314 e, anque non morreu, saíu todo chamoscadiño do percance e con tantas dores que por primeira vez na súa vida buscou logo a imposible morte tirándose ao río. En Pontevedra tivo algúns problemas eos frades de Santo Domingo, que o investigaron e lle quixeron facer confesar que era un tramposo e un mentirán, de resultas do cal saíu medio coxo dunha perna.

Desde entón, Xacobe enmudeceu para todo o mundo, incluso para os amigos máis achegados, aos que se dirixía soamente por señas. Pese a eso, o cariño dos veciños non sufriu unha miga e contaba co respecto e o mimo de todos eles. Por outra parte, o seu comportamento foi sempre exemplar e xeneroso. Cando o estropicio dos ingleses, deu mostras de gran valor e sentimentos nobres. No incendio das casas, meteuse entre o lume para salvar cousas, animais e xente, e na ponte do Burgo fixo fronte el só a un batallón inglés da Santa Alianza, os soldados do cal fuxiron aterrorizados ao ver que despois de ser atravesado por máis de cen espadas que lle entraron por tódalas partes do corpo e despois de ser arcabuceado outras tantas veces, seguía vivo desafiando ao inimigo coa súa simple presenza. Escoitou Freí Heitor o relato do seu compañeiro con certo irónico escepticismo, que este último, alma simple e sinxela, non chegou a advertir. Inquiriu a continuación o visitante se non podería contar coa súa apreciada mediación para conseguir unha entrevista con Xacobe, e respondeulle o frade galego que non, que prefería non exercer violencia moral sobre un home tan delicado e ao mesmo tempo tan firme como aquel. Pensou entón o portugués de que xeito tería que obrar para descubrir as falsedades daquel refinado farsante e despois de moito discorrer, xa cun proxecto concreto na cabeza, dirixiuse ao chou á procura do que buscaba. Custoulle dar cun desalmado que se prestara ao ruín experimento, pero atopou por fin a un bergallán sen escrúpulos e bastante animal, acertadamente alcumado Bicho polos veciños, e puxo en marcha o seu revirado plan. Aquela mesma noite, o tal Bicho puido entrar, polo segredo e con arte, na casa do xudeo cando este estaba durmido, achegouse ao zorro á súa cama, apalpou as escuras o breve corpo baixo a manta e cando soubo que o tiña a tiro seguro, empezou a subir e baixar o descomunal coitelo con furia, ata que lle meteo máis de trinta puñaladas. Ao día seguinte foi Freí Heitor ao Grande dos Alfaiates para ver os resultados e non sen sorpresa atopou a Xacobe sentadiño no seu banco, silencioso e triste como sempre, sen sinal exterior de ter sufrido violencia. Cando o xudeo presentiu a non querida presenza do frade forasteiro, ergueuse e meteuse novamente dentro da casa. Sen emoción especial algunha, anque con certa curiosidade, voltou Freí Heitor ao convento, fixo correr un par de recados e logo agardou tranquilamente. Aquela noite volveron apuñalar a Xacobe, que ao día seguinte xa estaba outra vez sentado no banquiño. Trataron despois de afogalo con cabezais e con mantas, pero co mesmo terco resultado. E outro tanto ocorreu cando lle prenderon lume no xergón mentres durmía, cando lle deixaron caer unha enorme pedra enriba da cabeza desde un cabalo que pasaba, cando lle envenenaron a auga e cando lle meteron un espantoso alacrán negro dentro dun zapato. Invariablemente, cada mañá aparecía o vello sentado no seu sitio, unha miga desmellorado e aínda máis triste, doente e descolorido, con estampa de estar sufrindo de forma sobrehumana.

Unha tarde, cismando en calquera cousa mala, pasou polo Grande dos Alfaiates o frade portugués, observou con atención a Xacobe, que se ergueu naquel intre, colleu o banco con grande esforzó e encamiñou os pasos cara á porta. O día estaba claro e notábase na rúa un gran rebuldicio, moitas voces e berros de ledicia, xogar de nenos e movemento de mercado. Ninguén viu, a non ser Freí Heitor, que dos ollos do velliño babeaban un par de bágoas redondas correndo despaciosas e lentas polas enrugadas meixelas abaixo. Había xa tres longas noites que Xacobe lle viña pedindo a Deus unha morte reparadora, tan canso estaba xa de padecer e de sufrir. Apareceulle por fin Cristo crucificado para dicirlle que comprendía a súa desesperación, soamente xustificable pola enormidade daquel vello pecado cometido, pero que desgraciadamente para el e para moitos que o querían, a morte non lle chegaría ata o día do Xuízo Final. Aceptou Xacobe resignado a divina vontade, pero quixo mostrar os centos de cicatrices que ao longo dos séculos lle foran castigando cada pulgada da peí do seu corpo, facendo especial insistencia nas derradeiras. Apiadouse entón El Señor diante de tantos e tan longos sufrimentos e tremendo de indignación e de cólera díxolle que aquela mesma noite ía precipitar por fin os astros sobre a Terra e que deste xeito recibirían castigo tódolos culpables ao paso que remataba dunha vez para sempre aquel o seu terrible padecer. Cando ao día seguinte, camiño xa de Portugal, pasou Freí Heitor Joaquim Arrais derrotado polo Grande dos Alfaiates, ignoraba aínda que se os seus duros ollos podían contemplar a fermosura transparente do aire da limpa mañá que se estreaba, debíallo á paciencia e á bondade daquel velliño pequeno e seco que xusto naquel intre se estaba erguendo para entrar na casa co seu banquiño na man.

MÉNDEZ FERRÍN: “O SUSO”, EN O CREPÚSCULO E AS FORMIGAS.

A voz do Suso chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Eu obedecín. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. Il era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. Il non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros do meu cuarto. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Baixei. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

-Hai un rapaz no río -díxome o Suso.

Eu non lle demandei se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:

-Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz.

Detívose e preguntoume pregando o entrecello:

-Tes medo?

Ía eu premitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.

Pero o caso é que tódolos rapaces da Barbaña tolearían de pracer se Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, coma se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.

Pro eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Díxenlle:

-Non. Non teño medo. E logo?

Puxémonos a andar á beira do río.

A néboa era lixeira, coma un cristal algo suxo. Facía frío. Saíra con roupa de menos e cando me din de conta daba dente con dente.

-Estou atarecido, Suso.

Il non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.

Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igoal que un gato bravo, alritado. O río da Barbaña fede: alí concéntrase toda a merda de Ourense.

Ergueuse vento e tiven máis frío. Pero, sobre de todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que il tiña e os xeitos seguros. E a ponto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa, camiñando con pasos inseguros, todo denotando nil inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos. Il non fixo nada máis que isto: olloume fixamente, fixamente. Como soio il sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Pareime. O Suso seguía a andar. Dinme de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estiven a punto de berrare... Pro mordín o labre inferior e seguín, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

-Manolito. Xa chegamos. Está na orela. Ti busca por alí. Eu vou por alá.

As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei:

-Non... Non...

E il repitiu:

-Eu vou por alá.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.

E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do bairro do Couto. O vento rizaba a iauga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha suxa mao. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado, na beira, a flor de auga.

Foise o medo inexplicabelmente.

Era un rapaz -visto antre a néboa, antre a iauga, á luz lonxana do Couto- de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:

-Suso. Suso. Suso.

Fungaban -iso si- as canas, pero o Suso non me respostou.

-Suso. Suso. Suso.

Dinlle a volta moi asustado, pro sen medo. Dinlle a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso. Tiña a admirada cara do Suso. O rapaz afogado era o Suso.

Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Voltei a berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Inicieei unha carreira cega.

Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metinme na cama acorado e molladísimo.

Pasou o tempo.

Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semi-inconsciencia.

E toda a rapazallada do bairro comenzou a berrar embaixo da miña fenestra:

-Manolito, Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.
Erginme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.